

O ALLO (Allium sativum)

HISTORIA

Moitas culturas antigas coma a dos exipcios e a dos hebreos cultivaron e consumiron allos, deixando uns hábitos alimenticios que perduraron ata a actualidade. Os gregos e os romanos loubaron as propiedades medicinais do allo, utilizándoo para trastornos dixestivos, problemas respiratorios e como fortalecedor e antídoto contra calquera veneno. Despois, tamén foi moi consumida durante a Idade Media. Nos séculos XVII, XVIII e XIX constituíu unha das plantas máis empregadas polos médicos de Europa.

USOS MEDICINAIS

EMBOLIAS

O aceite esencial do allo prevén e actúa contra a formación de coágulos internos.

PROBLEMAS BRONQUIAIS

Ó ser expectorante, emprégase para fluidificar as secrecións mucosas dos bronquios.

SISTEMA LOCOMOTOR

Ten a propiedade de absorber o ácido úrico depositado nos músculos e articulacións, combatindo a artrite reumatoide, a artrose, o lumbago e a gota.

SISTEMA UROXENITAL

As curas de allo úsanse como tratamento de enfermidades urinarias e afeccións xenitais.



MANZANILLA COMÚN

(Chamomilla recutita)

HISTORIA

A macela común proporcionanos a infusión por excelencia, infusión, que posúe importantísimas propiedades medicinais. As cabeceiras florais desta planta conteñen substancias que son as responsables de que sexa dixestiva, corte as náuseas e os vómitos, facilite a expulsión dos gases e calme os espasmos estomacais e intestinais.

USOS MEDICINAIS

DIXESTIVO

A macela común corta as náuseas e os vómitos, podéndose utilizar en caso de dixestión pesada, empachos e gases. Ademais esta planta calma os espasmos, estomacais e intestinais e serve para tratar os cólicos de vesícula.

CONXUNTIVITE

A macela común, en forma de colirio, emprégase para curala.

SISTEMA NERVIOSO

A macela común calma as dores de cabeza e algunhas neuralxias.

TRAUMATOLOXÍA

O aceite de macela común úsase para tratar as contusións, as tortícolis, as dores reumáticas e o lumbago.

DERMATOLOXÍA

A macela común pode usarse para tratar feridas, úlceras e infeccións



¿SABÍAS QUE ?

ABELEIRA: Bota poñas desde a base, e a súas ramas utilízanse para facer cestas. Coa fariña dos froitos pódense facer mascarillas cosméticas.

ALCIPRESTE: É orixinario de Asia Menor e na actualidade moi abundante en todo o Continente.

É unha árbore vinculada á morte esta presente en moitos cementerios. Esta árbore ten finalidades medicinais: astringente e vasoconstrictor.

ACIVRO: A súa tona utilizábase para facer o visgo ou liga para cazar paxaros.

As follas do acivro son laxantes e diuréticas.

No Nadal adórnanse as casas co acivro aínda que non se debería por ser unha árbore protexida.

FREIXO: Atopámolo principalmente na zona norte de Galicia próximo á beira dos ríos.

A súa madeira é boa como combustible, tamén serve pa construír ases de carro e mangos de ferramenta.

Pode acadar os douscentos anos de idade.

FIGUEIRA: É orixinaria do sudoeste de Asia, na nosa comunidade atopámola principalmente nas zonas costeiras.

Como curiosidade dicir que esta presente en remedios caseiros para as picaduras dos mosquitos




FIGUEIRA



ABELEIRA



ALCIPRESTE



ACIVRO



FREIXO



¿SABÍAS QUE...?

O AMIEIRO

- + Os celtas coas ramas xóvenes confeccionaban silbatos para atraer ós espíritos do ar.
- + As cinzas de amieiro usáronse para fabricar pólvora.

O SALGUEIRO

- + O nome científico foi dado porque os hebreos cautivos en Babilonia choraban debaixo destes salgueiros lamentando o seu desterro.

O BIDUEIRO

- + A madeira utilizábase en carpintería e ebanistería, na fabricación de zocas e instrumentos de labranza.
- + Incluso coa savia facíanse viño e cervexa.

O LIMOEIRO

- + Ten propiedades medicinais, na antigüedad utilizouse para combater o escorbuto.
- + Pode usarse para quitar manchas de tinta e para abrillantar bronce e outros metais.

O PIÑEIRO

- + Da planta obtense resina de trementina e das follas un produto para facer almofadas



UNE CON FRECHAS:

1. amieiro 2. salgueiro 3. bidueiro 4. limoeiro 5. piñeiro



ALUMNOS / AS 5º B

AXEXO 2 004